

Boletín Nº 300. Viernes, 31 de diciembre de 2004

ORDENANZA FISCAL Nº 11 - T

REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1º . Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes , 137 e seguintes da Lei 5/1997 , do 22 de xullo , de Administración Local de Galicia e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "taxa por licencias de apertura de establecementos", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo.

Artigo 2º . Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 del Regulamento de servicios das corporacións locais.
2. Para os efectos, terá a consideración de apertura:
 - a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comenzo as súas actividades.
 - b) A variación ou ampliación da actividade desenrolada no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
 - c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
 - d) Os traspasos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social.
3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:
 - a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril artesana, da construción, comercial e de servicios que estea suxeita ó Imposto sobre actividades económicas, a excepción dos locais ocupados por profesionais.
 - b) Aínda sen desenrolarse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou

aproveitamentos, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas ou estudos.

Artigo 3º . Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro , xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenrolar ou, no seu caso, se desenrole en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º . Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º . Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

Artigo 6º . Tarifa.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

a) Licencias de tramitación ordinaria para establecementos de ata 200 m² construídos: 175,00 euros.

b) Licencias de tramitación ordinaria para establecementos de máis de 200 m² construídos: 250,00 euros.

c) Licencias para actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e outras de tramitación especial en establecementos de ata 200 m² construídos: 500,00 euros.

d) Licencias para actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e outras de tramitación especial en establecementos de máis de 200 m² construídos: 975,00 euros.

e) Cambios de titularidade ou calquera outro suposto de tramitación equivalente que non requira informes técnicos: 60,00 euros.

f) O custo das publicacións de edictos nos boletíns oficiais, para aquelas actividades que o necesiten, serán por conta do interesado e cobraranse coa liquidación da taxa correspondente.

3. Cando nun establecemento ou local que pertenza a un só titular se vaia exercer máis dunha actividade industrial ou mercantil e, polo tanto, sexa necesaria a obtención de varias licencias e o conseqüente pagamento de distintas taxas de apertura, a cota a satisfacer será a maior que corresponda, aplicándolle un recargo do 50 por cento.

4. No caso de desestimento formulado polo interesado con anterioridade á concesión da licenza, sempre que a actividade municipal xa se tivese iniciado, as cotas a liquidar serán:

- Do 20 por cento, se se produce no prazo dun (1) mes desde a solicitude.

- Do 50 por cento, se se produce con posterioridade

Artigo 7º . Exencións e bonificacións.

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

No obstante estarán exentos de licenza de apertura de establecemento , así como de licenza de actividades clasificadas , aquelas que esten destinadas á agricultura.

Artigo 8º . Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando a apertura tivera lugar sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decreta-lo seu peche, se non fora autorizable dita apertura.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta, condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia nin desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9º . Normas de Xestión.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecementos industrial ou mercantil presentarán, previamente, no rexistro xeral a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenrolar no local , achegando proxecto ou documentos esixidos para cada clase de actividade polas disposicións vixentes , ademais da seguinte documentación , dependendo do concepto :

a) Licenza para actividades clasificadas: proxecto por triplicado.

b) Licenza de apertura: boceto de distribución do local.

2. Se despois de formulada solicitude de licencia de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenrolar no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións terán que poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle ou alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior.

Artigo 10º . Réxime de ingreso.

A taxa esixirase no momento en que se conceda a licencia para a apertura do establecemento correspondente ou se produza o desestimento nesta.

Artigo 11º . Caducidade.

1. Consideraranse caducadas as licencias e taxas satisfeitas por estas se, despois de notificada a súa concesión de xeito legal, non se tivese procedido á apertura do establecemento, por calquera causa, no prazo de tres meses, ou se os interesados non se fixesen cargo da documentación nas oficinas municipais dentro do devandito prazo.

2. Excepcionalmente poderá concederse unha prórroga, sempre que se solicite dentro do prazo anterior e se estivese ó corrente o pagamento das obrigas económicas, que será por outros tres meses. Transcorrido un e outro prazo xorde novamente a obriga de solicitar a licencia.

3. Tamén se producirá a caducidade da licencia se despois de abertos os establecementos pechasen e/ou estivesen dados de baixa polo prazo dun ano, salvo que isto obedeza a unha causa que xustifique adecuadamente o peche, a cal será apreciada polo órgano competente.

Artigo 12º . Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como nas sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 12 de novembro de 2004 e entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local , comenza a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005 , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes.